

## **REGULAMENTO DO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE VILAR DE SANTOS**

---

### **ARTIGO 1. OBXECTO.**

Este Regulamento ten por obxecto organizar o funcionamento do Centro de Iniciativas Empresariais do Concello de Vilar de Santos, así como os dereitos e obrigas dos seus usuarios ou beneficiarios, bens e servizos.

O Centro de Iniciativas Empresariais constitúntese como un espazo físico, de iniciativa pública, cuxo obxecto é facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas ou a viabilidade doutras xa existentes, para a súa posterior inserción no mercado. O obxectivo fundamental é o apoio ao xurdimento e continuidade de empresas de recente creación e proxectos de autoemprego que, pola súa viabilidade, poidan contribuír en termos económicos, comerciais, de emprego, etc. ao desenvolvemento do municipio, favorecéndose aqueles que polo seu interese social ou estratéxico así se determinen.

O Concello cederá temporalmente o uso dun espazo, denominado **niño**, ás empresas beneficiarias e estas, ademáis, poderán gozar dunha serie de servizos básicos.

### **ARTIGO 2. BENEFICIARIOS.**

Serán considerados como candidatos aqueles proxectos viables de creación de negocio, e empresas en funcionamento, que cumpran os requisitos previos do artigo 3 desta. Serán beneficiarios persoas físicas ou xurídicas habilitadas legalmente para o exercicio das funcións declaradas.

### **ARTIGO 3. REQUISITOS PREVIOS.**

1. Empresas de nova creación que vaian comezar a súa actividade empresarial no ano natural no que se formaliza a solicitude do niño ou Empresas que iniciaran a súa actividade ó longo do ano natural inmediatamente anterior ó da solicitude do niño e que teñan a condición de Pemes.

Excepcionalmente, en cando os niños non se cubran coas solicitudes presentadas, poderase admitir a tramitación de solicitudes de empresas de recente creación que non cumpran o requisito sinalado no parágrafo anterior.

2. A actividades empresarial incidirá positivamente no desenvolvemento económico e social de Vilar de Santos.

3. Os promotores terán a súa residencia en Vilar de Santos e o domicilio social das empresas tamén deberá ser en Vilar de Santos.

### **ARTIGO 4. ACTIVIDADES EXCLUIDAS.**

Actividades que xeren externalidades que prexudiquen o desenvolvemento normal do Centro de Iniciativas e a convivencia neste, de conformidade ao establecido neste Regulamento.

### **ARTIGO 5. SOLICITUDE.**

Os interesados deberán presentar unha solicitude segundo o modelo que se estableza ao efecto, dirixida ao Concello de Vilar de Santos, acompañada da seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada:

- a) Documentos acreditativos da personalidade do solicitante e, no seu caso, da representación de quen actúa no seu nome: D.N.I. e acreditación do NIF do solicitante e, no caso de constitución dunha sociedade, DNI e poder suficiente do representante da sociedade e CIF da empresa.
- b) Memoria do proxecto empresarial, segundo o modelo que se estableza ao respecto, facendo especial referencia á incidencia no territorio, plan económico, creación de postos de traballo, plan de uso dos niños, etc, asinada polo representante.
- c) Currículo vitae do/s promotor/es.

#### **ARTIGO 6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

1. A valoración dos proxectos será realizada mediante informe asinado polo Técnico Local de Emprego.
2. Os proxectos avaliaranse globalmente, en función da súa maior garantía, solvencia e incidencia no término municipal de Vilar de Santos.
3. Para a valoración teranse en conta os seguintes criterios:
  - 3.1. Empresas de nova creación.
  - 3.2. Proxectos empresariais promovidos por mulleres.
  - 3.3. Proxectos non promovidos por entidades mercantís existentes.
  - 3.4. Postos de traballo creados e potencial de creación de emprego.
  - 3.5. Pertenza do/os titular/es da empresa a un colectivo que sofre desigualdades ou discriminacións con respecto ao mercado laboral.
  - 3.6. Proxectos de interés social.
  - 3.7. Maior necesidade do niño para desenvolver o proxecto empresarial.
  - 3.8. Maior tempo de residencia dos promotores no concello de Vilar de Santos.
4. A asignación en base ao informe do Técnico Local de Emprego, correspóndelle ao Alcalde de Vilar de Santos.

#### **ARTIGO 7. CONDICIÓNS DA ASIGNACIÓN.**

1. O adxudicatario asinará o correspondente contrato. O prazo máximo que pode manterse unha adxudicación á espera de firma de contrato será de dous meses.  
Os locais asignaranse en réxime de contrato de prestación de servizos, entre os que se incluírán ademais do uso do local, os servizos e dependencias comúns.
2. Os cesionarios deberán ocupar o niño que se lle asigne no prazo de cinco días, a partir do momento da sinatura do contrato, e iso unha vez que acrediten ante o Concello de Vilar de Santos ter creada a empresa, para o cal disporán dun prazo máximo dun mes, contado dende a data en que comunicaran a aceptación da concesión do niño, prorrogable excepcionalmente cando razóns xustificadas o requiran.
3. Así mesmo terá que presentar a seguinte documentación:
  - 3.1. Alta no Imposto de Actividades Económicas ou, de ser o caso, documentación acreditativa da exención do imposto en virtude do establecido no artigo 83.1 b) da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

- 3.2. Alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponda.
- 3.3. Acreditación de estar ó día nas súas obrigas coa Administración Autonómica, coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vilar de Santos.
- 3.4. Cando se trata dunha sociedade mercantil, copia dos estatutos sociais e de ser o caso, acreditación de inscrición no Rexistro Mercantil.
- 3.5. Certificado de empadramento dos promotores e acreditación do domicilio social da empresa en Vilar de Santos.
- 3.6. Acreditación de todos os permisos e autorizacións administrativas necesarias para levar a cabo a actividade (no seu caso comunicación previa do inicio de actividade).
- 3.7. Documento acreditativo de ter en vigor unha póliza de responsabilidade civil cunha prima mínima de 150.000 euros.
- 3.8. Xustificación de ter aboado o canon establecido.
- 3.9. Declaración expresa de respectar os compromisos establecidos na memoria.
4. No caso de que unha empresa renuncia ao local unha vez lle sexa concedido ou se esgote o período de vixencia, perderá todo o dereito sobre este, pasándose a estudar novas solicitudes.

#### **ARTIGO 8. LISTAS DE ESPERA E ACTIVACIÓN DE SOLICITUDES.**

1. Aquelas solicitudes de beneficiarios que aínda sendo viables non resultasen elexidas e as que non puidesen acceder ao local por estar ocupado, integrarán unha lista de espera á que se recorrerá para cubrir posibles vacantes. A validez das solicitudes será dun ano natural, transcorrido o cal deberá de reactivarse mediante nova solicitude.
2. A cobertura de locais libres farase recorrendo á lista de espera que o tipo de local xeraxe e as solicitudes que poidan concorrer durante o proceso selectivo. Por deferencia aos proxectos cuxa documentación fose estudada, pedirase axilidade aos responsables das novas solicitudes para a presentación dos documentos que requiren informe, establecéndose un prazo non superior a un mes.
3. A adxudicación de vacantes farase atendendo aos resultados da valoración dos proxectos existentes no momento de producirse a vacante, con independencia da data de rexistro das peticións.

#### **ARTIGO 9. MODIFICACIÓNS NAS INSCRICIÓNS REXISTRAS.**

As variacións de forma xurídica, delegación de poderes, cambios substantivos do paquete accionarial, ampliacións ou variacións do obxecto da sociedade, etc. serán advertidos polos representantes ou titulares do negocio e incluíranse en dilixencia incorporada ao contrato.

#### **ARTIGO 10. DURACIÓN DO CONTRATO.**

1. A duración do contrato será de 1 ano, podendo prorrogarse por períodos anuais ata completar un máximo de 3 anos.  
Autorizaranse prórrogas anuais sempre e cando o interesado as solicite dous meses antes de vencer o contrato vixente.  
Para solicitar a prórroga presentarse a correspondente solicitude acompañada dos documentos sinalados no apartado 3 do artigo 7 deste regulamento e acreditarán o cumprimento do establecido na memoria nos periodos anteriores á prórroga.  
A prórroga resolverase polo Alcalde previo informe do Técnico Local de Emprego.
2. Serán causas de rescisión unilateral do contrato por parte do Concello:

- a) O non cumprimento das cláusulas contractuais e/ou dos compromisos adquiridos formalmente cos demais usuarios dos niños.
- b) Non estar ao corrente de pago coa Administración Autonómica, Axencia Tributaria, Seguridade Social e Concello de Vilar de Santos.
- c) A inexistencia, cambio substancial ou cese da actividade empresarial obxecto da concesión do niño.
- d) O exercicio de máis dunha actividade.
- e) O cambio de residencia dos promotores e o cambio do domicilio social da empresa a outro concello.

#### **ARTIGO 11. CANON.**

Establécese o seguinte canon,

- Despacho 1 (19,50 m<sup>2</sup>): 60 €/mes; 720 €/ano
- Despacho 3 (8,80 m<sup>2</sup>): 20 €/mes; 240 €/ano
- Despacho 4 (11,00 m<sup>2</sup>): 40 €/mes; 480 €/ano
- Despacho 5 (14,40 m<sup>2</sup>): 40 €/mes; 480 €/ano
- Despacho 7 (5,35 m<sup>2</sup>): 12 €/mes; 144 €/ano
- Despacho 8 (11,30 m<sup>2</sup>): 15 €/mes; 180 €/ano

#### **ARTIGO 12. CONDICIÓN DE USO DOS NIÑOS.**

1. Os cesionarios deberán respectar todas as servidumes que poidan gravar o inmovible, tanto as de orixe contractual como legal, así coma as normas de réxime interior que, para aplicación deste regulamento dicte o Concello.
2. Os cesionarios deberán permitir todas as servidumes existentes que sexan esixidas ou imposto polos servizos e subministracións públicas e especialmente os que poidan derivar de razóns de seguridade, salubridade, vixilancia e orde pública.
3. Así mesmo deberán soportar as obras que se poidan derivar da adecuación ou remodelación do viveiro ou das súas instalacións acordadas pola Concello.
4. Os cesionarios deberán satisfacer, á súa exclusiva costa:
  - a) As cargas, impostos e gravames que pesen sobre a actividade comercial ou industrial que se desenvolva no local.
  - b) As cotas obrigatorias á Seguridade Social das persoas empregadas no local e na actividade que alí se desenvolva.
  - c) Os gastos derivados dos usos, consumos e subministracións propias, non asumidos polo Concello. Os concesionarios asumirán os gastos de calefacción e luz do despacho que ocupen.
5. Os cesionarios deberán dispoñer, en todo momento, de todas as licenzas, permisos e autorizacións administrativas necesarios para o exercicio da actividade.
6. O concello poderá requirir, cando o considere necesario, que os cesionarios acrediten o cumprimento do contrato.

#### **ARTIGO 13. PARTES DE USO COMÚN E USO PRIVATIVO.**

1. Partes de uso común: Están constituídas por todas as dependencias e estanzas do Centro de Iniciativas que non comprenden os despachos cedidos e que son de titularidade única do Concello. Están destinadas ao uso de todos ou de varios cesionarios, sendo as seguintes: sala de reunión, aseos, e zona de aparcamento.

2. Partes de uso privativo: Constituídas polos niños, son aquelas dependencias delimitadas polo Concello, destinadas a uso particular de cada cesionario.

#### **ARTIGO 14. HORARIO DE FUNCIONAMENTO.**

O Centro de Iniciativas estará en funcionamento durante os doce meses do ano, someténdose cada empresa cesionaria ás condicións de acceso establecidas polo Concello.

#### **ARTIGO 15. IMAXE DE CONXUNTO.**

A imaxe do Centro de Iniciativas esixe un aspecto de conxunto harmonioso en concordancia coa imaxe corporativa que designe o Concello.

A concepción harmónica e estética do Centro debe ser respectada por todos os cesionarios dos diferentes postos de traballo, quedando prohibida a realización por estes de calquera tipo de obra ou modificación, mesmo dos elementos móbiles delimitadores do espazo cedido.

#### **ARTIGO 16. RÓTULOS.**

A empresa cesionaria obrígase, no prazo dun mes dende a sinatura do contrato de cesión, á colocación no espazo xa habilitado ao efecto polo Concello, da imaxe corporativa da súa empresa de forma que, no momento de abandono do niño, poida ser retirado sen danar a propiedade do Concello.

#### **ARTIGO 17. OBRIGAS DOS TITULARES DE NIÑOS.**

1. As seguintes actividades están expresamente prohibidas para os cesionarios ou ocupantes do Centro de Iniciativas:

1.1. O uso de calquera material non permitido polas normas de Seguridade e Hixiene.

1.2. Exercer no Centro de Iniciativas toda actividade que poida considerarse perigosa, insalubre, e nociva ou que perturbe a actividade dos restantes ocupantes. O uso de cada posto de traballo do Centro de Iniciativas non debe implicar ningunha molestia anormal (aínda que fose excepcional) en relación coas actividades proxectadas neste.

1.3. O uso de todo ou parte de calquera posto de traballo do Centro de Iniciativas como vivenda ou calquera outro uso non permitido.

1.4. A práctica en calquera parte do Centro de Iniciativas, de calquera profesión, comercio ou actividade non previstos nos contratos de cesión ou autorizados previamente ou contrarios á moral, á orde pública ou aos bos costumes, e a organización de calquera tipo de manifestacións políticas, sindicais e/ou relixiosas.

1.5. A distribución de propaganda de calquera tipo fóra das superficies cedidas dos postos de traballo.

1.6. A utilización, en calquera comunicación que se realice, da imaxe corporativa do Concello de Vilar de Santos.

1.7. Depositar ou colocar xéneros e mercadorías en lugares e zonas comúns, invadindo total ou parcialmente corredores, accesos ou zonas de paso, tendo que estar estas sempre libres para o bo funcionamento do Centro de Iniciativas.

1.8. Perturbar o ambiente do Centro mediante ruídos, vibracións, olores, temperaturas ou calquera outra causa que poida afectar ou producir molestias aos restantes ocupantes.

1.9. Colocar ou depositar no interior do Centro de Iniciativas obxectos cuxo peso supere o límite de carga de chans e tabiques.

1.10. Botar nas canalizacións ou desaugadoiros materiais inflamables ou perigosos, estendéndose a prohibición a todos aqueles elementos que poidan perturbar o bo funcionamento das mencionadas instalacións.

2. Os cesionarios deberán observar en todo momento as seguintes obrigas:

2.1. Manter en todo momento os espazos e superficies cedidas, o seu decorado, accesorios, equipamento e entrada en bo estado de funcionamento e presentación.

2.2. Os danos que a actividade do cesionario cause nos elementos estruturais do Centro de Iniciativas, nas instalacións xerais, nas zonas de uso común, ou nos seus espazos cedidos, serán reparados pola propiedade a custa do cesionario causante.

2.3. Os niños/módulos manteranse sempre en perfecto estado de limpeza. Os termos e condicións para a limpeza dos niños/módulos fixados pola Concello deberán ser respectados, en particular no referente á evacuación de lixos.

2.4. Observar e respectar as normas e regulamentos de salubridade e seguridade correspondentes ao Centro de Iniciativas.

2.5. Os aparatos contra incendios, os cadros eléctricos e os taboleiros de mando deberán ser accesibles e visibles en todo momento, debendo ademais respectar as normas que, ao respecto, sexan ditadas pola Administración competente.

2.6. Os cesionarios deberán respectar todas as normas que se diten en materia de seguridade, deixando as portas de saída sen o peche bloqueado durante as horas de apertura, e mantendo despexados os corredores de servizo que serven de saída de emerxencia en caso de incendio ou sinistro. As saídas de emerxencia deberán estar debidamente sinaladas mediante carteis luminosos.

#### **ARTIGO 18. SALAS DE USO COMÚN.**

1. As salas de reunión poderán utilizarse de forma gratuíta por todas as empresas instaladas no Centro de Iniciativas para reunións internas de empresa ou no seu caso, por falta de espazo, reunións con clientes, sempre logo de solicitude por escrito o Concello (Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local).

2. Para o uso das devanditas dependencias en relación a cursos de formación e outro tipo de xornadas de presentación, deberá formalizarse igualmente por escrito.

3. Cada un dos cesionarios e ocupantes terá o libre uso das zonas comúns, conforme ao seu destino, sempre e cando non impida con iso os mesmos dereitos dos restantes cesionarios e o seu bo funcionamento coas reservas seguintes:

a) As zonas comúns deberán ser utilizadas de conformidade co uso previsto.

b) O Concello poderá, en calquera momento, pechar temporalmente todo ou parte das zonas comúns onde sexa necesario efectuar traballos de reparación ou cambios, ou por calquera outra causa xustificada. Salvo urxencia ineludible, deberá advertir os cesionarios cunha antelación mínima de oito días.

#### **ARTIGO 19. RESPONSABILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS.**

O Concello de Vilar de Santos non se fai responsable dos danos, prexuízos ou atentados contra a propiedade (incluídos roubos) que puidesen cometer persoas alleas ao Concello contra os aparellos, bens ou efectos das empresas.



O Concello de Vilar de Santos non será nunca responsable dos prexuízos que puidesen sobrevir dun mal estado de conservación ou mala utilización das instalacións de cada local, con excepción das instalacións xerais e básicas do edificio.

#### **ARTIGO 20. INFRACCIÓNS.**

1. As accións ou omisións contrarias a este Regulamento terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida que nel se determina, a non ser que poidan constituír delitos ou faltas tipificadas ante leis penais, en cuxo caso a Alcaldía pasará o tanto de culpa á orde xurisdiccional competente e absterase de seguir o procedemento sancionador mintas a autoridade xudicial non dite sentenza firme.

2. As infraccións a que fai referencia o apartado anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves. Serán infraccións leves as cometidas contra as normas contidas neste Regulamento que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves neste artigo. Considéranse faltas graves a deterioración intencionada ou negligente dos elementos comúns do Centro de Iniciativas. Terán a consideración de moi graves a utilización do local arrendado para un uso diferente do concedido por este Concello, a falsificación de documentación, firmas, selos ou datos relevantes para a súa incorporación ao Centro de Iniciativas ou na súa relación posterior, o incumprimento das obrigas económicas co Centro de Iniciativas durante dous meses consecutivos ou tres alternos, o depósito no local de materiais perigosos, insalubres ou nocivos non permitidos pola correspondente licenza de apertura e a comisión de tres faltas graves.

3. As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 150,00 €. As infraccións graves sancionaranse con multa de ata 400,00 € e/ou suspensión do dereito de utilización dos servizos comúns. As infraccións moi graves sancionaranse con multa pecuniaria non inferior a 401,00 € e que non exceda de 1.000,00 € ou coa resolución do contrato de prestación de servizos.

4. Sen prexuízo do anterior, se se tivese causado danos, o infractor deberá reparar estes e se non o fíxese, o Concello poderá realizalo a custa do devandito infractor.

#### **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.**

Establecese un primeiro proceso selectivo de proxectos, fixándose un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no BOP.

#### **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.**

O presente regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Vilar de Santos, 23 de Xaneiro do 2017**  
**O ALCALDE,**

**Asdo: Xoán Xosé Jardón Pedras**

### ANEXO I: Modelo de instancia

D./Dona....., con  
DNI ....., en representación da Entidade ....., con  
NIF....., con domicilio  
en....., e teléfono nº  
....., **EXPOÑO:**

1. Que tiveren coñecemento da convocatoria feita para a **cobertura de niños no Centro de Iniciativas Empresariais de Vilar de Santos.**
2. **Que estou interesado na cesión dun despacho/niño, tendo preferencia por (sinalar cun círculo)**
  - A) Despacho 1 (19,50 m<sup>2</sup>): 60 €/mes; 720 €/ano
  - B) Despacho 3 (8,80 m<sup>2</sup>): 20 €/mes; 240 €/ano
  - C) Despacho 4 (11,00 m<sup>2</sup>): 40 €/mes; 480 €/ano
  - D) Despacho 5 (14,40 m<sup>2</sup>): 40 €/mes; 480 €/ano
  - E) Despacho 7 (5,35 m<sup>2</sup>): 12 €/mes; 144 €/ano
  - F) Despacho 8 (11,30 m<sup>2</sup>): 15 €/mes; 180 €/ano
3. Que reúno os requisitos previstos no artigo 3 do regulamento do Centro de Iniciativas Empresariais de Vilar de Santos.
4. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:
  - Copia compulsada do DNI, e no seu caso, do CIF da empresa, escrituras de constitución e apoderamento.
  - Certificado de empadramento no Concello de Vilar de Santos
  - Memoria do proxecto empresarial (descrición da actividade, plan económico, plan de uso do niño, creación de postos de traballo, incidencia no territorio).
  - Curriculum vitae dos promotores.
5. Que me atopo no seguinte colectivo (sinalar, no seu caso cun círculo e acreditar documentalmente).
  - Empresas de nova creación.
  - Proxectos empresariais promovidos por mulleres.
  - Proxectos non promovidos por entidades mercantís existentes.
  - Pertenza do/os titular/es da empresa a un colectivo que sofre desigualdades ou discriminacións con respecto ao mercado laboral.
  - Proxectos de interés social.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Vilar de Santos, .....de.....de 2024

(Asinado polo/a interesado/a)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILAR DE SANTOS (OURENSE)**